

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA CELEBRADA O 27 DE SETEMBRO DE 2017 (27/09/2017)

No local social da Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes, sito na rúa Galicia, s/n, de Ordes, sendo as vinte horas e trinta minutos (20:30 horas) do mércores 27 de setembro de 2017, presidindo, en ausencia do Presidente a Vicepresidenta **Dona Susana García Gómez**, xúntanse, en segunda convocatoria e en sesión ordinaria, os membros da Xunta Directiva que a continuación se relacionan:

1. D. Antonio Pereiro Liñares (Concello de Tordoia)
2. D. Roberto Rey Martínez (Concello de Frades)
3. D. Manuel Míguez Villaverde (SERFOGA)
4. D. Eduardo González Loureiro (ACO)
5. D. Alberte Sánchez Regueiro (ADEGA)
6. Dona Rocío Fernández García (Asociación cultural Lucerna)
7. D. Carlos Portos Brá (Asociación Cultural O Pedrouzo)
8. D. José María Pérez Lagos (Agrupación Deportiva Abellá)

Desculpan a súa ausencia D. Mariano Iglesias Castro, Dona María Viqueira Iglesias, Dona Emilia Candal Bouzas e D. Marcos Noya Louzao.

Os presentes reúnense para tratar os seguintes puntos da orde do día da presente convocatoria, previamente efectuada pola presidencia:

- 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR (28/06/2017).**
- 2. PROGRAMA LEADER 2014-2020. ACORDOS QUE PROCEDAN.**
 - 2.1. Selección de proxectos con ICE favorable (expedientes 0011, 0012, 0013, 0014 e 0015)**
 - 2.2. Información sobre renuncias/desistencias de proxectos (expediente 0007)**
 - 2.3. Resumo de proxectos presentados desde maio.**
 - 2.4. Aprobación de proxectos de animación.**
 - 2.4.1. Carteis publicitarios, carteis de oficina e trípticos**
 - 2.4.2. Folletos do plan de axudas e baremo**
 - 2.5. Outros asuntos Leader**
- 3. CONVOCATORIA DE ASEMBLEA XERAL. ACORDOS QUE PROCEDAN**
- 4. ROGOS E PREGUNTAS.**



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR (28/06/2017).

Coa convocatoria da Xunta Directiva xuntouse copia do borrador da acta relacionada, polo que se somete a aprobación sen necesidade de proceder á súa lectura.

O Sr. Presidente pregunta se hai alegacións ou procede modificación algunha da mesma.

Sométese a aprobación a acta da xuntanza da Xunta Directiva do 28 de xuño de 2017, resultando aprobada por unanimidade.

2.- PROGRAMA LEADER 2014-2020. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Con carácter previo á selección/non selección de proxectos, todos e cada un dos membros da Xunta Directiva asistentes asinan unha declaración de interese respecto aos mesmos, que se **incorporan como Anexo I desta acta.**

2.1.- Selección de proxectos con ICE favorable (expedientes 0011, 0012, 0013, 0014 e 0015)

Xunto coa convocatoria de xuntanza, enviouse ficha resumo dos proxectos con ICE favorable, que no momento da convocatoria estaban verificados favorablemente por AGADER:

- L17 1920 21 0011 Concello de Cerceda
- L17 1920 21 0012 Estación de Servicio Mesón del Viento, SL
- L17 1920 21 0013 NS Motor Ordes, SL
- L17 1920 21 0014 Micebo, SL
- L17 1920 21 0015 Joreor, SL

Faise constar que D. Alberte Sánchez Regueiro, manifesta que ten interese directo no proxecto L17 1920 21 0011, promovido polo Concello de Cerceda, ao ser concelleiro desa entidade, polo que non participa na súa selección, ausentándose da sala con carácter previo.

Sométense á consideración da Xunta Directiva, de xeito individual, cada un dos cinco proxectos con ICE verificado favorablemente por Agader e enumerados anteriormente, sendo todos eles seleccionados e propostos para a súa subvencionabilidade de xeito unánime. Acórdase, asemade, autorizar ó Presidente, e no seu caso ó Director – Xerente, á realización de cantos trámites administrativos sexan necesarios de cara á continuación do procedemento administrativo para a resolución definitiva dos expedientes.

Xúntase, como anexo II da acta, relación de expedientes seleccionados, desagregados segundo a súa tipoloxía, así como fichas resumo de cada un deles.

2.2 Información sobre renuncias/desistencias de proxectos (expediente 0007)

O Sr. Presidente informa da renuncia á axuda do proxecto L17 1920 21 0007, promovido por José Manuel Mesías López, por ter adquirida a maquinaria obxecto do investimento de segunda man.

2.3 Resumo de proxectos presentados desde maio

O equipo técnico dá conta de que desde o 1 de xuño téñense presentado catro novos proxectos que formarán parte da seguinte convocatoria de fondos que se resolverá en xuño de 2018.

O resumo dos proxectos presentados entregouse ao entrar nesta xuntanza, e que son os seguintes:

Exp.	Promotor	Proxecto	Estado actual
0016	SAT Casa Grande de Xanceda	Conexión integral por fibra óptica a servidor central da empresa	Desistencia do promotor Presentouno de novo co número 0019
0017	Pablo Enjo Valle	Adquisición furgoneta para reparto de pan	ICE desfavorable enviado a AGADER por estar finalizados os investimentos antes da solicitude de axuda.
0018	Excavaciones y Obras Candal, SL	Construción de nave para empresa de construción de obras públicas	ICE favorable enviado a AGADER
0019	SAT Casa Grande de Xanceda	Melloras tecnolóxicas en empresa	ICE favorable enviado a AGADER

A Xunta Directiva dáse por enterada dos novos proxectos presentados.

2.4 Aprobación de proxectos de animación

A Presidenta expón os tres proxectos que se presentan para a súa aprobación na submedida 19.4.B: Gastos de animación e que se resumen a continuación:



- a) Proxecto de dinamización consistente na impartición de charlas divulgativas e no deseño e edición de carteis e trípticos divulgativos.
- b) Deseño e impresión dun folleto divulgativo do plan de axudas e do baremo de aplicación.
- c) Deseño, elaboración e impresión dun mapa guía do territorio que recollería, por un lado, o territorio da Comarca de Ordes e, polo outro, os elementos máis significativos de cada concello.

Apróbase, por unanimidade, a realización dos tres proxectos de animación enumerados anteriormente e autorízase ao Sr. Presidente a realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo os mesmos.

Asemade, a Presidenta en funcións informa de que estes proxectos estaba previstos realizalos neste exercicio económico (2017), pero debido ás dificultades de tesourería derivadas do retraso nos pagos por parte do FOGGA non se puideron acometer.

Finalmente, anímase aos membros da Xunta Directiva a que suxiran proxectos para dinamizar o territorio: organización de camiñatas e/ou eventos sobre o Camiño Inglés ou outros atractivos cos que conte a comarca, xornadas sobre aspectos sociais, económicos, históricos do territorio; edición de material – camisetas, bolígrafos, .. identificativos da nosa bisbarra

2.5 Outros asuntos Leader

Retraso, por parte de AGADER e o FOGGA nos pagos, tanto de custes correntes como aos promotores.

O Sr. Xerente informa de que o GDR leva adiantados preto de 38.000 euros que están sen abonar por parte do FOGGA. Tendo en conta que a póliza de crédito da Asociación ascende a 30.000 €, se non se reciben con prontitude os fondos adiantados, a situación tórnase complicada. As solicitudes de pagamento dos mesmos, remitidas a AGADER desde o mes de maio, están a día de hoxe sen cobrar, polo que se enviou unha carta tanto a AGADER como ao FOGGA pregando que se axilicen eses pagos.

Para evitar eses problemas de tesourería nun futuro *acórdase, por unanimidade, ampliar o importe da póliza de crédito e autorizar ao Sr. Presidente a realizar cantos trámites sexan necesarios para iso.*

Asemade, acórdase por unanimidade, autorizar ao Sr. Presidente para, de considerarlo necesario, solicitar a AGADER un anticipo dos custes correntes da anualidade 2018.

Proxectos non produtivos promovidos por entidades locais: Prégase aos Concellos comuniquen, antes do 31 de decembro de 2017, os proxectos (características e importe dos mesmos) para os que teñan previsto solicitar axuda na seguinte convocatoria Leader (2018-2019).

3.- CONVOCATORIA DE ASEMBLEA XERAL ORDINARIA. ACORDOS QUE PROCEDAN

A Xunta Directiva ten aprobado tanto as contas anuais do 2016 como o orzamento do actual exercicio (2017), pero cómpre ratificalos ante a Asemblea Xeral, polo que haberá que fixar unha data para a súa celebración.

Acórdase, por unanimidade, delegar no Sr. Presidente, para que convoque aos membros da Asemblea Xeral a unha xuntanza ordinaria e determine a data de celebración da mesma.

4- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se realizan rogos e preguntas.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos (21:25 horas) do día sinalado no encabezamento desta acta, de todo o cal eu, secretario, dou fe.

Vº e Prace da Presidenta en funcións
Susana García Gómez

O Secretario
Antonio Pereiro Liñares